

# Boletín Oficial

## DE LA PROVINCIA DE LUGO

<http://www.diputacionlugo.org/>

<b>PRECIOS DE SUSCRIPCION</b>	<b>ANUNCIOS Y OTRAS INSERCIONES</b>
Al año.....36,06 € Al semestre.....24,04 € Mas gastos de envio Los municipios de la provincia recibirán gratuitamente una suscripción.	Por cada palabra o números.....0,15 € - Las inserciones con carácter de urgencia, el importe será el doble de la inserción normal. - La tarifa se incrementará en un 50%, en los casos en que los textos a publicar no se entreguen o envíen en soporte informático compatible, según establece el art. 10 de la ordenanza reguladora del B.O.P. - Importe mínimo de publicación.....6 €
<b>VENTA DE EJEMPLARES SUELTOS</b> Por ejemplar de hasta 8 páginas .....0,60 € Por ejemplar de más de 8 y hasta 12 páginas .....0,90 € Por ejemplar de más de 12 páginas .....1,35 €	<b>SE PUBLICA TODOS LOS DIAS, EXCEPTO LOS FESTIVOS</b>  Depósito Legal LU-1-1968 / Franqueo concertado (27-2) Imprime: "El Progreso de Lugo, S.L."
<b>LAS SUSCRIPCIONES Y ANUNCIOS SE HARAN PREVIO PAGO DE SU IMPORTE</b>	

### XUNTA DE GALICIA

#### Consellería de Innovación e Industria

Delegación Provincial de Lugo

Resolución do 19 de febreiro de 2009 da Delegación Provincial da Consellería de Innovación e Industria de Lugo, pola que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa, aprobación do proxecto de execución e declaración de utilidade pública, en concreto, da instalación eléctrica "LMT. Farnadeiros- Santo Estevo" no Concello do Corgo (exp. 002/2008 AT.)

Para os efectos previstos na Lei 54/1997 do Sector Eléctrico e no título VII do Real Decreto 1.955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización administrativa, aprobación do proxecto de execución e a declaración de utilidade pública, en concreto, da seguinte instalación eléctrica:

Denominación: LMT. aérea Farnadeiros-Santo Estevo.

Solicitante: Unión Fenosa Distribución, S.A.

Domicilio social: Avda. Arteixo 171- A Coruña.

Finalidade: Mellorar a calidade da subministración eléctrica na zona.

Características técnicas principais:

1.- Liña de media tensión aérea desnuda Farnadeiros-Santo Estevo con orixe no apoio nº 95-42 exist. De L.M.T. aérea LUG8013124 e final no apoio 95-42-35 exist. Da lmt. aérea procedente de saída LUG801 cunha lonxitude de 2.259 metros, a 20 kV sobre apoios de formigón e metálicos en condutor LA 56/54,6 mm<sup>2</sup>.

A declaración de utilidade pública, segundo o sinalado no artigo 54 da citada Lei, levará implícita, en todo caso, a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implicará a urxente ocupación para os efectos do artigo 52 da Lei de Expropiación Forzosa.

A relación concreta e individualizada de bens e dereitos afectados que se consideran de necesaria ocupación, figuran no anexo que se insire xunto con esta resolución.

Aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións por duplicado nesta Delegación Provincial (edificio administrativo da Xunta de Galicia en Lugo, Ronda da Muralla 70) referidas ás posibles limitacións á constitución da servidume de paso de liñas eléctricas (artigo 161 do Real Decreto

1.955/2000) e aquelas outras que estimen oportunas no prazo de VINTE DIAS hábiles a contar dende o día seguinte ao da última publicación ou ao da notificación individual.

Durante este prazo poderase examinar o proxecto das instalacións nesta Delegación Provincial de luns a venres entre as nove da mañá e as dúas da tarde.

Ata o mesmo momento do levantamento das actas previas, os interesados poderán facer alegacións por escrito aos únicos efectos de corrixir posibles erros que se atopen ao relacionar os bens e dereitos afectados segundo dispón o artigo 56.2 do Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa.

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 59.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar e así dirixirle ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de Expropiación Forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 19 de febreiro de 2009.- O Delegado Provincial, Ramón Jesús Cortés Máñez.

### RELACIÓN DE PROPIETARIOS, BENS E DEREITOS AFECTADOS

**Explic. n°** 2705      **CONCELLO:** CORGO (O)      **PROVINCIA:** Lugo

#### LMT A FARNADeiros – SANTO ESTEVO

Nº Finca	Ref. Catastral		Finca	Cadastr.	Nome e Apellido	Enderezo	Apoio		Afectación	
	Polig.	Parea					Nº	m²	m²/m²	m²/m²
1B	151	339	O MONTE	Monte Alto	- José Ribera Galego Vilar - Farnadeiros - 27153 O CORGO - Lugo	1(1/2)	1.0	56.0	563.0	
5	151	190	A CHOUSA	Monte Alto	- José Ribera Galego Vilar - Farnadeiros - 27153 O CORGO - Lugo	4	2.0	232.0	3712.0	
8	151	20	Fontela	Prado	- José Ribera Galego Vilar - Farnadeiros - 27153 O CORGO - Lugo	7(1/2) y 8	3.0	117.0	1170.0	
25	146	240/359	O MONTE	Monte Alto	- Descoñecido	16 y 17	4.0	280.0	4370.0	

R. 01216

Resolución do 19 de febreiro de 2009 da Delegación Provincial da Consellería de Innovación e Industria de Lugo, pola que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa, aprobación do proxecto de execución e declaración de utilidade pública, en concreto, da instalación eléctrica "liña de media tensión derivada a Sober" no Concello de Sober (exp. 003/2008 AT.)

Para os efectos previstos na Lei 54/1997 do Sector Eléctrico e no título VII do Real Decreto 1.955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización administrativa, aprobación do proxecto de execución e a declaración de utilidade pública, en concreto, da seguinte instalación eléctrica:

Denominación: Liña de media tensión aérea derivada a Sober.

Solicitante: Unión Fenosa Distribución, S.A.

Domicilio social: Avda. Arteixo 171- A Coruña.

Finalidade: Mellorar a calidade da subministración eléctrica na zona.

Características técnicas principais:

1.- Liña de media tensión aérea desnuda derivada a Sober con orixe no apoio HV-1.000/R13 nº. 122-A46 existente da liña MOF8051682 de saída MOF805 (Peares) de subestación Monforte e remate no centro de transformación caseta rural Pousada, cunha lonxitude de 535 metros en apoios tipo: 3/HVH-2/HV, en condutor tipo/sección LA 56/54,6 mm².

A declaración de utilidade pública, segundo o sinalado no artigo 54 da citada Lei, levará implícita, en todo caso, a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implicará a urxente ocupación para os efectos do artigo 52 da Lei de Expropiación Forzosa.

A relación concreta e individualizada de bens e dereitos afectados que se consideran de necesaria ocupación, figuran no anexo que se insire xunto con esta resolución.

Aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións por duplicado nesta Delegación Provincial (edificio administrativo da Xunta de Galicia en Lugo, Ronda da Muralla 70) referidas ás posibles limitacións á constitución da servidume de paso de liñas eléctricas (artigo 161 do Real Decreto 1.955/2000) e aquelas outras que estimen oportunas no prazo de VINTE DIAS hábiles a contar dende o día seguinte ao da última publicación ou ao da notificación individual.

Durante este prazo poderase examinar o proxecto das instalacións nesta Delegación Provincial de luns a venres entre as nove da mañá e as dúas da tarde.

Ata o mesmo momento do levantamento das actas previas, os interesados poderán facer alegacións por escrito aos únicos efectos de corrixir posibles erros que se atopen ao relacionar os bens e dereitos afectados segundo dispón o artigo 56.2 do Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa.

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 59.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar e así dirixirle ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de Expropiación Forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 19 de febreiro de 2009.- O Delegado Provincial, Ramón Jesús Cortés Máñez.

#### RELACIÓN DE PROPIETARIOS, BENS E DEREITOS AFECTADOS

Expte. n° 308 CONCELLO: SOBER PROVINCIA: Lugo

#### LMT DERIVADA SOBER

<u>Ref. Catastral</u>			<u>Finca</u>	<u>Cultivo</u>	<u>Nome e Domicilio</u>	<u>Enderezo</u>	<u>Áreas</u>		<u>Afectacións</u>	
<u>Nº Finca</u>	<u>Polig.</u>	<u>Parcela</u>					<u>m<sup>2</sup></u>	<u>m<sup>2</sup></u>	<u>m<sup>2</sup></u>	<u>m<sup>2</sup></u>
1	7	521	LAMA DE VILA	Prado	- José Luís Suárez Álvarez Telleiros - 27425 SOBER - Lugo		1	9.0	26.0	297.0
2	7	411	LAMA DE VILA	Prado	- José González González Avda. Fraguas Nº37 - 36210 Vigo, Pontevedra				31.0	311.0
4	7	408	PEKAZ	Labradío	- Clara González Rodríguez Telleiros - 27425 SOBER - Lugo		2(1/2)	1.0	66.0	554.0
5	7	406	PEKAZ	Monte Alto	- Clara González Rodríguez Telleiros - 27425 SOBER - Lugo		2(1/2)	1.0	12.0	124.0
6	7	409	PEKAZ	Monte Alto	- José Luís Suárez Álvarez Telleiros - 27425 SOBER - Lugo				10.0	159.0
8	7	382	PEKAZ	Monte Alto	- José Luís Suárez Álvarez Telleiros - 27425 SOBER - Lugo				24.0	334.0
10	7	1	POUÇADA	Casafreiros	- Manuel Álvarez Vázquez URB. Los Tilos - 15898 Teo, A Coruña					180.0

R. 01217

Resolución do 18 de febreiro de 2009 da Delegación Provincial de LUGO, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica (Nº EXPTE: IN407A 2008/176-2)-7369-AT.

Os efectos previstos na Lei 54/1997 do 27 de novembro e no Real Decreto 1.955/2000, do 1 de decembro, sométese a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se describe:

- Solicitante: CARAINA INVERSIONES, S.L. E GRUPO PORTA FAXEIRA, S.L.

- Enderezo social: LG. OS VILLARES-CHOUSA GRANDE, 27300 GUITIRIZ.

- Denominación: LMTS, CT, RBTS R/. GENERAL FRANCO 81-83.

- Situación: CONCELLO DE GUITIRIZ.

- Descricións técnicas:

- LMTS A 20 KV, CON ORIXE NUNHA CELA DE LIÑA EXISTENTE NO CT RÚA DO CONCELLO E FINAL NUNHA CELA DE LIÑA NO CT R/. GENERAL

FRANCO 81-83, EN CONDUTOR TIPO RHZ-240 CUNHA LONXITUDE DE 283 M.

- CT R/. GENERAL FRANCO 81-83, EN EDIFICIO NON PREFABRICADO, CUNHA POTENCIA DE 630 KVA E UNHA RELACIÓN DE TRANSFORMACIÓN DE 20.000/400-230V.

- RBTS CON ORIXE NO CT PROXECTADO E FINAL NO EDIFICIO SITUADO NA RÚA DO CONCELO, 66 EN CONDUTOR TIPO RV CUNHA LONXITUDE DE 87 M, A ACOMETIDA PARA O EDIFICIO R/. GENERAL FRANCO 81-83, REALÍZASE DENDE O CADRO DE BAIXA TENSIÓN DO CT PROXECTADO.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións nesta Delegación Provincial, no prazo de vinte días.

Lugo, 18 de febreiro de 2009.- O Delegado Provincial, Ramón Jesús Cortés Máñez.

R. 01241

### Excma. Deputación Provincial

BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ENTIDADES ASOCIATIVAS E CLUBES PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS

A concesión das subvencións realizarase mediante o procedemento de concorrencia competitiva e establécense para o efecto as seguintes bases:

#### Base 1.<sup>a</sup> Finalidade

Son obxecto de subvención e polo tanto, incluídas dentro destas bases as seguintes accións executadas durante o exercicio orzamentario que se determine na correspondente convocatoria:

#### 1. Categoría de axudas á actividade competitiva.

Axudas destinadas a entidades deportivas da provincia de Lugo que desenvolvan como actividade principal a participación en competicións organizadas polas federacións deportivas ou entidade recoñecida oficialmente ou con arraigo social e interese provincial constatado, cuxa finalidade é axudar a sufragar os gastos de arbitraje, transporte e gastos federativos (licenzas, seguros, etc) e canons que esta participación xera.

O orzamento financiable componse dos seguintes gastos subvencionables:

- Gastos de arbitraje.
- Gastos de transporte.
- Gastos federativos.
- Canons.

Os gastos de transporte serán subvencionables, primeiro, no caso de ter contratado un terceiro (coche de alugueiro, autocar, etc.) ata o importe total soportado pola entidade e segundo, cando tendo vehículo propio a entidade, os gastos debidamente xustificadas que este

orixine e que estean directamente relacionados coa actividade e sexan indispensables para a adecuada preparación ou a súa execución ata un importe máximo que non supere o 30% do orzamento financiable da actividade.

#### 2. Categoría de axudas para a organización de eventos deportivos

Axudas destinadas a entidades deportivas que desenvolvan eventos deportivos de carácter puntual na provincia de Lugo e cuxa repercusión incida na promoción e na formación deportiva e con especial incidencia no deporte recreativo, deporte saúde, deporte autóctono e tradicional, deporte feminino e deporte adaptado.

O orzamento financiable componse dos seguintes gastos subvencionables:

- Gastos de recursos materiais.
- Gastos de persoal.
- Gastos vinculados ao persoal.
- Gastos de funcionamento.
- Gastos de medios e materiais técnicos.
- Primas de seguros.
- Gastos de publicidade, P e RP.

#### 3. Categoría de axudas para actividades deportivas.

Axudas destinadas a entidades deportivas da provincia de Lugo que desenvolvan actividades deportivas de carácter permanente na provincia de Lugo e cuxa repercusión incida na promoción e na formación deportiva, con especial incidencia sobre a poboación escolar, maiores, poboación diversa e muller.

O orzamento financiable está composto polos seguintes gastos subvencionables:

- Gastos de persoal.
- Gastos de material didáctico – deportivo.
- Gastos de vestimenta deportiva.
- Primas de seguros.
- Gastos de publicidade, P e RP.

#### Base 2.<sup>a</sup> Orzamento financiable.

Para os efectos desta convocatoria, enténdese por orzamento financiable o constituído polo custo soportado pola entidade solicitante ou beneficiaria das axudas públicas, segundo os gastos subvencionables definidos para cada categoría das finalidades.

Conforme o disposto nos artigos 31.1 e 2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, considérase gasto realizado o que se acredite coa presentación das facturas e/ou xustificantes de gasto, sen que sexa necesario que este se atope pagado nin que se acredite o seu pagamento.

#### Base 3.<sup>a</sup> Beneficiarios

Poderán acollerse a estas bases aquelas entidades deportivas que no momento da convocatoria o soliciten de acordo co establecido nas mesmas bases. Ten a consideración de beneficiario da subvención a entidade destinataria dos fondos públicos para a actividade ou acción que, dentro da finalidade das bases, se atope na situación que lexítima a súa concesión.

En xeral, poderán solicitar subvencións ao amparo destas bases as entidades, clubs e asociacións de carácter deportivo legalmente constituídas e adaptadas á normativa vixente, que carezan de finalidade de lucro e que desenvolvan a actividade no ámbito territorial da provincia, sempre que as accións que desenvolvan cumpran o obxecto destas bases dentro do marco de cada categoría:

Poderán solicitar axudas para as accións ou actividades ás que fai referencia o punto 1 das finalidades todos aqueles clubs, asociacións ou agrupacións deportivas da provincia de Lugo cuxa actividade principal e consubstancial sexa a participación en competicións organizadas polas federacións deportivas ou entidade recoñecida oficialmente ou con arraigo social e interese provincial constatado e cuxa finalidade é axudar a sufragar os gastos de arbitraje, transporte e gastos federativos (licenzas, seguros, etc.) e canons que esta participación xera.

Poderán solicitar axudas para as accións ou actividades a que fai referencia o punto 2 das finalidades todos aqueles clubs, asociacións ou agrupacións deportivas que desenvolvan eventos deportivos de carácter puntual (duración entre horas a 10 días aprox.) na provincia de Lugo e cuxa repercusión incida na promoción e na formación deportiva e con especial incidencia no deporte recreativo, deporte saúde, deporte autóctono e tradicional, deporte feminino e deporte adaptado.

Poderán solicitar axudas para as accións a que fai referencia o punto 3 das finalidades todos aqueles clubs, asociacións ou agrupacións deportivas que realicen actividades deportivas de carácter permanente (duración entre 7 e 12 meses cunha intervención extensiva de carácter semanal) na provincia de Lugo e cuxa repercusión incida na promoción e na formación deportiva, con especial incidencia sobre a poboación escolar, maiores, poboación diversa e muller. A finalidade das axudas é sufragar os gastos de persoal, material didáctico - deportivo, seguros deportivos e vestimenta deportiva.

Non poderá obter a condición de beneficiario das subvencións quen incorra nestas causas:

a) Ser condenado mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

b) Solicitar a declaración de concurso, ser declarado insolvente en calquera procedemento, acharse declarado en concurso, estar suxeitos a intervención xudicial ou ser inhabilitados conforme á Lei concursal sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza

de cualificación do concurso.

c) Dar lugar, por causa da que fosen declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato asinado coa Administración.

d) Estar incursos a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que exerzan a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos da Lei 12/1995, do 11 de maio, de Incompatibilidades dos Membros do Goberno da Nación e dos altos cargos da Administración Xeral do Estado, da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, ou tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral nos termos establecidos nesta ou na normativa autonómica que regule estas materias.

e) Non estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determinen.

f) Non atoparse ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

g) Ser sancionado mediante resolución firme coa perda de obter subvencións segundo a Lei Xeral Tributaria.

h) Non poderán solicitar subvención ao amparo destas bases as entidades que xa teñan concedida unha axuda de concesión directa desta deputación para a mesma actividade.

i) Non poderán solicitar subvención ao amparo destas bases as entidades que soliciten subvención para unha actividade que xa obtivo unha subvención da Deputación Provincial de Lugo.

k) Encontrarse nalgún dos supostos que impiden a obtención da condición de beneficiario sinalados no apartado 3. do artigo 13. da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

#### Base 4.<sup>a</sup> Obrigas dos beneficiarios

a) Aceptar a subvención. No caso de que os beneficiarios non lle comuniquen a renuncia á Excm. Deputación Provincial, no prazo máximo de quince días, a partir de notificarlle o outorgamento, entenderase que a subvención é aceptada.

b) Cumprir o obxectivo, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.

c) Acreditar ante a Excm. Deputación Provincial a realización da actuación ou a adopción do comportamento, así como o cumprimento dos requisitos e condicións que determinen a concesión ou goce da subvención.

d) Someterse ás actuacións de comprobación que a Deputación Provincial ten que efectuar, así como calquera outras de comprobación e control financeiro

que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

e) Comunicarlle á Deputación Provincial a obtención de subvencións para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, antes de xustificar a aplicación dada aos fondos percibidos.

f) Acreditar que se atopa ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, se é o caso. A dita acreditación poderá realizarse mediante declaración baixo a súa responsabilidade. No entanto, a Deputación Provincial, poderá solicitar, se así o considera, que esta se efectúe mediante a presentación dos documentos expedidos regulamentariamente polos organismos correspondentes.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser comprobados e controlados.

h) Identificar convenientemente, para os efectos de difusión pública, as actuacións que se realicen.

k) Os beneficiarios da subvención incluírán a imaxe corporativa da Área de Deportes - Vicepresidencia Primeira da Excm. Deputación Provincial e utilizarán o idioma galego en todos aqueles soportes que as entidades utilicen para publicitar a actividade ou adquirir o comportamento subvencionado. Así mesmo, utilizarán o idioma galego no plano oral en todos aqueles actos do plan de comunicación da actividade ou comportamento. A imaxe será cedida pola institución provincial.

Non existirá a posibilidade de pagamentos anticipados e ingresos a conta das subvencións concedidas.

#### Base 5.<sup>a</sup> Carácter da subvención

As subvencións que se concedan segundo as presentes bases e de acordo co Plan estratéxico de subvencións para a Excm. Deputación Provincial de Lugo para o ano 2009 terán carácter voluntario e eventual.

A Corporación Provincial, por medio da Xunta de Goberno, como medida de garantía a favor dos intereses públicos, poderá revisalas ou, se é o caso, revogalas ou reducilas por causas debidamente xustificadas.

A concesión de subvencións para a anualidade de 2009 non xera ningún dereito a obter subvencións en convocatorias posteriores.

En calquera caso, a Deputación Provincial quedará exenta de toda responsabilidade civil, mercantil, laboral ou de calquera tipo que se derive das actuacións ás que queden obrigados os beneficiarios das subvencións.

#### Base 6.<sup>a</sup> Orzamento

A cantidade destinada para a concesión de "subvencións para axudas a entidades deportivas promotoras do deporte" do ano 2009 será de setecentos cincuenta mil euros (750.000 euros) con cargo á partida

4522/48900 do orzamento do presente ano 2009 e prevista no Plan estratéxico de subvencións desta Deputación Provincial de Lugo, Área de Deportes na súa liña de actuación B.1. apartado b).

As subvencións provinciais serán incompatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administracións ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, salvo que a cantidade subvencionada non alcance o orzamento máximo da actividade, acción ou comportamento. Nese caso poderanse compatibilizar ata a contía do devandito orzamento.

A distribución da partida nas diversas categorías das finalidades destas bases quedará constituída en función das necesidades globais da acción subvencionadora do organismo, sempre atendendo ao cumprimento con máxima eficiencia da promoción deportiva na provincia de Lugo.

#### Base 7.<sup>a</sup> Solicitudes

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral da Excm. Deputación Provincial no prazo establecido na respectiva convocatoria xunto coa seguinte documentación, de acordo coas diferentes categorías:

Para a categoría de axudas á actividade competitiva:

a) Certificación da federación correspondente, segundo o modelo normalizado de:

- a. Categoría superior da entidade deportiva.
- b. Categorias inferiores con representación.
- c. N.º de licenzas por categoría e total de licenzas.
- d. N.º de equipos por categorías.
- e. Resultados deportivos dos equipos.

Se é o caso, achegarase unha certificación federativa da clasificación federativa dos deportistas da entidade de segundo a modalidade deportiva.

Os resultados deportivos serán de carácter definitivo no momento de expedir a certificación: da tempada rematada no ano 2009 ou no caso de que non rematase, resultados deportivos na data de publicación no BOP da convocatoria, esta data só se terá en conta se a tempada non rematase no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

b) Certificación do secretario da entidade do orzamento financiable de gastos subvencionables da actividade competitiva, segundo o modelo normalizado.

c) Certificación do cadro resumo de quilometraxe e número total de quilómetros realizados pola actividade competitiva, expedida polo secretario da entidade segundo o modelo normalizado, xunto cos calendarios de competicións.

Para a categoría de axudas para a organización de eventos deportivos:

- a) Proxecto da actividade programada que debe

incluir:

- a. Denominación.
- b. Descripción xeral.
- c. Xustificación do evento, características: Fundamentalmente a dimensión deportiva diana (temática ou vertente deportiva principal).
- d. Destinatarios: Perfil dos destinatarios e n.º de participantes.
- e. Localización e cobertura: Onde se leva a cabo, de onde son os participantes e n.º de horas de actividade.
- f. Obxectivos.
- g. Recursos humanos: Número e titulación; recursos materiais: inventario do material, diferenciando material funxible e inventariable; RREE: recursos propios do proxecto.
- h. Plan de comunicación e seguimento de medios: Intencións e feitos.
- i. Avaliación dos logros alcanzados e metas que compre alcanzar.
- k. Orzamento de gastos e ingresos por conceptos da actividade.

b) Certificación do secretario da entidade dos datos do evento no modelo normalizado.

c) Certificación do secretario da entidade do orzamento financiable de gastos subvencionables do evento segundo o modelo normalizado.

Para a categoría de axudas para actividades deportivas:

a) Proxecto da actividade programada que debe incluír os seguintes datos:

- a. Denominación.
- b. Descripción xeral.
- c. Xustificación da actividade, características, fundamentalmente a poboación a quen vai dirixida.
- d. Destinatarios: Número e perfil dos participantes (poboación diana).
- e. Localización e cobertura: Onde se leva a cabo, de onde son os participantes e n.º de horas de actividade.
- f. Obxectivos.
- g. Recursos humanos: Número e titulación; recursos materiais: inventario do material, diferenciando material funxible e inventariable; RREE: recursos propios do proxecto.
- h. Plan de comunicación e seguimento de medios.
- i. Avaliación dos logros alcanzados.
- j. Orzamento de gastos e ingresos por conceptos da actividade.
- b) Certificación do secretario da entidade dos datos

da actividade deportiva acompañando o plan horario semanal da actividade deportiva por grupos de participantes.

c) Certificación do secretario da entidade do orzamento financiable de gastos subvencionables da actividade deportiva.

Así mesmo, todos os solicitantes deberán acompañar a devandita solicitude:

- Certificación orixinal acreditativa da entidade do acordo de solicitude de subvención a Deputación Provincial e do nomeamento do representante da entidade para as relacións coa Deputación Provincial.

- Copia do documento nacional de identidade do representante da entidade.

- Copia compulsada dos estatutos da entidade.

- Certificación orixinal da entidade onde faga constar o domicilio social actual e os membros da actual xunta directiva.

- Declaración xurada do representante da entidade de ter a entidade que representa a condición de beneficiario.

- Declaración xurada do representante de axudas solicitadas e concedidas por outras administracións para a mesma actividade.

- Se é o caso, declaración xurada do representante de non dedución do IVE.

Para realizar as xestións necesarias para conseguir a execución da actividade, acción ou comportamento e, de ser o caso, percepción da subvención que lle fose concedida.

- Copia do CIF da entidade.

- Certificación bancaria da entidade, expedida por persoa autorizada da entidade bancaria, da conta na que se ingresará, de ser o caso, a correspondente subvención, unha vez tramitada a documentación presentada, na que deberá figurar, como persoa autorizada, o representante ou representantes da entidade.

As entidades poderán solicitar un máximo de dúas subvencións, neste caso, os solicitantes deberán formular dúas solicitudes diferentes; para distintas categorías e a entidade deberá priorizar entre elas, establecendo a súa primeira opción.

Base 8.<sup>a</sup> Convocatoria

O órgano competente para a convocatoria do procedemento será o Ilmo. Sr. Presidente da Excm. Deputación Provincial.

Base 9.<sup>a</sup> Comisión de valoración.

Para valorar os proxectos constituirase unha comisión de valoración, cuxa composición será a seguinte:

PRESIDENTE:

O Ilmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial ou deputado en quen delegue ou o substitúa legalmente.

VOGAIS:

- a) Un representante do grupo provincial do PSOE
- b) Un representante do grupo provincial do BNG
- c) Un representante do grupo provincial do PP
- d) O deputado delegado de Cultura.
- e) O secretario xeral da Corporación ou funcionario en que delegue ou substitúa.
- f) A interventora xeral da corporación ou funcionario en que delegue ou a substitúa.

SECRETARIO:

O secretario xeral adxunto ou funcionario en que delegue ou o substitúa.

O presidente da comisión poderá dispor a presenza doutros membros con funcións de asesoramento.

Correspóndelle á Comisión de Valoración formular a proposta de resolución. A proposta, que non terá carácter vinculante, deberá expresar o solicitante ou a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, a súa contía e os criterios de valoración seguidos para efectuala.

Base 10.<sup>a</sup> Resolución

A Xunta de Goberno será competente para resolver as solicitudes de subvención. O prazo máximo para resolver as solicitudes de subvención será de tres meses contados a partir do día de rematar o prazo establecido na convocatoria para presentalas e o silencio da administración terá carácter desestimatorio.

Non se concederá ningunha subvención ata que non se xustifiquen axeitadamente subvencións anteriores.

Base 11.<sup>a</sup> Criterios de valoración.

Os criterios que servirán de base para a valoración das solicitudes e, en consecuencia, para a determinación de subvención individual son:

Criterios para a categoría de axudas á actividade competitiva.

Modalidade deportiva, ata 18 puntos

Categoría, ata 30 puntos.

N.º de licenzas, ata 30 puntos.

Resultados deportivos, ata 30 puntos.

Grao de consolidación territorial, ata 40 puntos.

Grao de dispersión territorial, ata 30 puntos.

Criterios para a categoría de axudas para a organización de eventos deportivos:

N.º de horas de actividade, ata 18 puntos.

Dimensión deportiva diana, ata 40 puntos.

N.º de participantes, ata 30 puntos.

Cualificación persoal, ata 30 puntos.

Grao de consolidación territorial, ata 40 puntos.

Grao de cobertura e difusión en medios, ata 30 puntos.

Criterios para a categoría de axudas para actividades deportivas:

Carga horaria, ata 30 puntos.

Poboación diana, ata 40 puntos.

N.º de participantes, ata 30 puntos.

Cualificación persoal, ata 30 puntos.

Grao de consolidación territorial, ata 40 puntos.

Grao de cobertura e difusión en medios, ata 30 puntos.

Excepcional e motivadamente, poderán terse en conta outros criterios determinados pola Xunta de Goberno na concesión das subvencións.

Base 12.<sup>a</sup> Importe da subvención

As subvencións que a Deputación Provincial poderá conceder non excederán, en ningún caso, do establecido na seguinte táboa para cada categoría:

CATEGORÍA	MÁXIMO
Axudas á actividade competitiva	8.000 euros
Axudas á organización de eventos	4.000 euros
Axudas para actividades deportivas	8.000 euros

O dito importe ten o carácter de certo, sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da actividade.

O importe das subvencións, en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras, de administracións ou de entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade, acción ou comportamento.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais poderán dar lugar á modificación da resolución de concesión. Con carácter xeral e orientativo, o importe da subvención solicitada será entre o 30% e o 75% do orzamento financiable de gastos da actividade.

A Xunta de Goberno só lle concederá unha axuda a cada actividade os efectos de que haxa máis dun participante no concurso que solicite axuda para a mesma actividade, nas categorías sinaladas no puntos 2 e 3 do apartado de finalidade das presentes bases.

A Xunta de Goberno pode decidir ratear os importes

inicialmente adxudicados ás distintas solicitudes no caso de que o crédito dispoñible resulte insuficiente para atendelas.

#### Base 13.<sup>a</sup> Presentación da documentación

Os modelos de impresos oficiais (solicitudes, anexos, etc.) serán aprobados e establecidos pola Xunta de Goberno e a convocatoria será publicada no Boletín Oficial da Provincia e medios de comunicación social. Un exemplar dos devanditos modelos seralle remitido directamente á Deputación Provincial e quedará o outro exemplar en posesión dos interesados.

#### Base 14.<sup>a</sup> Prazos de execución

O prazo máximo de execución da actividade ou comportamento subvencionado será dende o 1 de xaneiro de 2009 ata o 31 de decembro do 2009.

En casos excepcionais, a entidade beneficiaria poderá solicitar unha ampliación do prazo sempre que a actividade, acción ou comportamento para xustificar non concluíse pola propia natureza desta e a súa resolución será adoptada pola Presidencia desta Deputación Provincial.

#### Base 15.<sup>a</sup> Comunicación da concesión das subvencións

Unha vez que a Xunta de Goberno ditou a resolución na que se determine o solicitante ou relación de solicitantes, co número de solicitude, a quen se lle concede a subvención e a desestimación do resto das solicitudes, notificaráselles aos interesados a resolución do procedemento nun prazo que non poderá exceder de tres meses contado a partir do día de finalizar o prazo establecido para presentar as solicitudes.

O vencemento do prazo máximo sen notificarlles a resolución habilita os interesados para entender desestimada, por silencio administrativo, a súa solicitude.

As contías e condicións das subvencións poderán ser modificadas no caso de que resulten alteradas as condicións que se tiveron en conta para a súa concesión.

#### Base 16.<sup>a</sup> Xustificación e aboamento das subvencións

Tras finalizar a actividade, acción ou comportamento e no prazo establecido, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da actividade subvencionada. O incumprimento do prazo dará lugar á perda do dereito a percibir a subvención outorgada.

Para os efectos do alcance económico da conta xustificativa establécese que este será, como mínimo, ata o importe da subvención concedida.

As xustificacións de aboamento das subvencións presentaranse na área de xestión correspondente coa seguinte documentación:

- Memoria de actuación xustificativa e custo total da

actuación realizada sobre o cumprimento das condicións que orixinaron a concesión da subvención, explicando o nivel de logro de obxectivos.

- Acreditación, se é o caso, coa achega dos documentos necesarios, de que a imaxe corporativa da Área de deportes da Deputación Provincial de Lugo se inseriu na publicidade da actividade ou comportamento.

- Certificación do Secretario da entidade dos datos da relación detallada das subvencións ou/e axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou actividade ou, se é o caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade, segundo o modelo normalizado.

- Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, ata o importe do orzamento financiable da actividade ou como mínimo ata o importe da subvención concedida acompañadas por unha relación clasificada que conterà a identificación do acredor e do documento, o seu importe e a data de emisión e unha declaración do representante da entidade que manifieste que os gastos relacionados nesta relación se corresponden cos gastos que soportou a entidade, os cales foron directamente relacionados coa actividade subvencionada e indispensables para a adecuada preparación e / ou a súa execución. Os documentos acreditativos dos gastos que se achegan terán que ser orixinais e poderán serlle devoltos ao beneficiario da subvención, se así o solicita, unha vez que o órgano xestor os sele. No caso dos gastos de arbitraje, e para a categoría de axudas á actividade competitiva, admitiranse para os efectos desta relación os datos dos gastos globais de carácter anual por este concepto sempre que estean certificados polo organismo acredor, así mesmo achegará esta certificación á relación clasificada e para estes efectos advertirá do cumprimento da base 4.<sup>a</sup> apartado g).

- Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das súas obrigacións tributarias ou coa Seguridade Social, non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro e non ter pendente de xustificar subvencións anteriores coa Deputación Provincial de Lugo, segundo o modelo normalizado. No entanto, a Deputación Provincial poderá solicitar, se así o considera, que esta sexa efectuada mediante a presentación dos documentos expedidos regulamentariamente polos organismos correspondentes: Axencia Tributaria Estatal, Seguridade Social e Facenda, para estes efectos os beneficiarios poderán acompañar autorización do representante da entidade para que a Deputación Provincial poida solicitarlles estas certificacións aos citados organismos, segundo o modelo normalizado.

- Declaración xurada do responsable da entidade de que a actividade obxecto da subvención ou axuda económica foi realizada na súa totalidade cumprindo as condicións que motivaron a súa concesión, segundo o modelo normalizado.

O aboamento da subvención, unha vez aprobada a

documentación xustificativa, será efectuado mediante transferencia bancaria na conta sinalada polo solicitante. Non se lle ingresará se o solicitante non está ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, se é debedor por resolución de procedencia de reintegro ou ten pendente de xustificar subvencións anteriores coa Deputación Provincial de Lugo.

#### Base 17.<sup>a</sup> Prazos de xustificación

Unha vez finalizada a acción ou comportamento e no prazo establecido, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado.

A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio do beneficiario e a súa presentación realízase no prazo de tres meses, que comezarán a contar a partir da execución da actividade, en calquera caso, antes do 31 de marzo de 2010.

Para os casos establecidos na base 14.<sup>a</sup> no parágrafo II, este prazo poderá modificarse atendendo á excepcionalidade e á motivación que fundamente a modificación do prazo de execución, de maneira que o prazo de xustificación sexa coherente coa resolución adoptada.

Logo de transcorrer o prazo establecido de xustificación sen presentar a documentación ante a área de xestión competente, este requiriralle ao beneficiario que, no prazo improrrogable de quince días, sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional levará consigo a revogación da subvención.

#### Base 18.<sup>a</sup> Reducións

Unha vez que foi recibida a conta xustificativa, a área de xestión competente revisará a documentación presentada polos beneficiarios e comprobará o cumprimento das condicións que motivaron a resolución da concesión da subvención.

No caso de que o importe da subvención concedida, illada ou en concorrencia con outras subvencións outorgadas por outras administracións ou de entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade ou comportamento, reducirase a subvención concedida ata que non se supere este custo.

No caso de que o importe dos gastos subvencionables xustificados polo beneficiario non alcance o importe da subvención concedida, reducirase a subvención en función do alcance da propia conta xustificativa.

Nestes casos, as reducións practícaranse de oficio e de xeito automático sen necesidade de iniciar ningún procedemento, logo do informe da área de xestión competente.

#### Base 19.<sup>a</sup> Plan anual de comprobación

Para os efectos de comprobar a realización da actividade, acción ou comportamento e do cumprimento da finalidade que determine a concesión e goce da subvención, a Deputación Provincial elaborará un plan anual de comprobación cuxo alcance será do 10% do

total de solicitudes concedidas. A selección das solicitudes para comprobar realizarase a través dunha mostra aleatoria simple sen reposición dos elementos e que se realizará a través dun programa informático segundo o número de rexistro das solicitudes que participaron no concurso.

O período de realización das comprobacións comprenderá os dous anos seguintes a partir da entrega de todos os expedientes de conta xustificativa da convocatoria.

É mester comprobar estes aspectos fundamentais:

- A execución efectiva da actividade, acción ou comportamento.

- O cumprimento do obxecto da subvención.

- A conta xustificativa ata o importe da subvención concedida.

Os beneficiarios están na obriga de conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en canto poidan ser comprobados e controlados, especialmente, as facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación clasificada presentada.

- Aqueles datos que pola súa natureza puideron repercutir sobre o proceso de concorrencia competitiva danando dereitos de terceiros.

A Deputación Provincial poderá realizar este plan de comprobación directamente ou a través da contratación dun servizo externo de auditorías.

#### Base 20.<sup>a</sup> Supostos de reintegro

No caso de que o beneficiario incorra nalgunha anomalía para obter a subvención ou incumpra a natureza da actividade total ou parcialmente, así como o incumprimento do contido das bases para a súa concesión, a entidade deberá reintegrar as cantidades percibidas.

Por causa xustificada, poderá accederse á petición que os beneficiarios formulen sobre a modificación total ou parcial da actividade programada e que, de ser o caso, non poida ser executada de forma orixinaria. A resolución será adoptada polo mesmo órgano que outorgou a subvención.

#### Base 21.<sup>a</sup> Outras disposicións

No non previsto nestas bases estarase ao disposto nos textos legais:

a) A Lei Estatal 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

b) Real Decreto 887/06, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Subvencións.

c) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

d) A Ordenanza Xeral de Subvencións da Excma.

Deputación Provincial de Lugo, aprobada por acordo do Pleno do día 28 de febreiro de 2005.

e) O Regulamento Orgánico da Deputación.

f) Bases de execución do orzamento e a normativa sobre delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación vixentes no momento da concesión.

LUGO, 5 de marzo de 2009.- O PRESIDENTE, José Ramón Gómez Besteiro.- O SECRETARIO, Faustino Martínez Fernández.

R. 01256

#### BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ENTIDADES CULTURALS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL

A concesión das subvencións realizarase mediante o procedemento de concorrencia competitiva e, para o efecto, establécense as seguintes bases:

##### Base 1.<sup>a</sup> Finalidade

Son obxecto de subvención e, polo tanto, incluídas dentro destas bases as seguintes accións executadas durante o exercicio orzamentario que se determine na correspondente convocatoria:

1. As actividades culturais de carácter anual caracterizadas por unha duración prolongada no tempo e que supoñen a actividade principal das entidades.

2. Os eventos culturais caracterizados por unha duración no tempo de tipo puntual.

As devanditas actividades e eventos deberán incidir nos seguintes aspectos:

- Dinamización social e cultural en todas as súas vertentes.

- Beneficio das correspondentes colectividade e o interese xeral, potenciando a historia, a música, as tradicións de Galiza e o uso do idioma galego en todas as actividades que se leven a cabo.

- Actividades de fomento do patrimonio material e inmaterial do país.

Valoraranse, fundamentalmente, aquelas actividades, accións ou comportamentos con especial incidencia en:

- Accesibilidade ampla e dirixidas á poboación en xeral, que promovan os valores culturais, artísticos e tradicionais da área de influencia onde se desenvolvan.

- Adecuación do seu proxecto ao interese das comarcas onde se leven a cabo.

- Emprego da lingua galega no seu desenvolvemento.

- Adecuación do seu proxecto en relación coas necesidades e características dos sectores de poboación destinatarios da actividade, acción ou comportamento.

- Iniciativas de nova creación, optimización ou com-

plementariedade das existentes e que constitúan servizos básicos no termo municipal onde se desenvolvan, satisfacendo ou mellorando necesidades non cubertas.

- Proxectos que teñan un marcado interese comunitario, de forma que reforcen a estrutura social e supoñan un beneficio colectivo para o interese de toda a cidadanía do municipio.

##### Base 2.<sup>a</sup> Gastos subvencionables

Para os efectos desta convocatoria, enténdese por gastos subvencionables os que respondan indubitablemente á natureza da actividade cuxo importe presentado sexa o custo soportado pola entidade solicitante ou beneficiaria das axudas públicas.

Para os efectos do disposto no artigo 31.1 e 2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, considérase gasto realizado o que se acredite coa presentación das facturas e/ou xustificantes de gasto, sen que sexa necesario que este se atope pagado nin que se acredite o seu pagamento.

##### Base 3.<sup>a</sup> Beneficiarios

Poderán acollerse a estas bases aquelas entidades culturais que no momento da convocatoria o soliciten de acordo co establecido nelas e considérase beneficiario da subvención a entidade destinataria dos fondos públicos para a actividade ou acción que, dentro da finalidade das bases, se atope na situación que lexítima a súa concesión.

En xeral, poderán solicitar subvencións ao amparo destas bases as entidades culturais ou asociacións legalmente constituídas e adaptadas á normativa vixente, que carezan de finalidade de lucro e que desenvolvan a actividade no ámbito territorial da provincia, sempre que as accións que desenvolvan cumpran o obxectivo destas bases.

Non poderá obter a condición de beneficiario das subvencións quen incorra nestas causas:

a) Ser condenado mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

b) Solicitar a declaración de concurso, ser declarado insolvente en calquera procedemento, atoparse declarado en concurso, estar suxeito á intervención xudicial ou ser inhabilitado conforme á Lei concursal sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

c) Dar lugar, por causa de que fose declarado culpable, á resolución firme de calquera contrato asinado coa Administración.

d) Estar incursos a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que exerzan a representación legal doutras persoas xurídicas, nalgún dos supostos da Lei 12/1995, do 11 de maio, de Incompatibilidades dos Membros do Goberno da Nación e dos altos cargos da Administración Xeral do Estado, da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de

Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, ou tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral nos termos establecidos nela ou na normativa autonómica que regule estas materias.

e) Non estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determinen.

f) Non estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

g) Ser sancionado por resolución firme coa perda de obter subvencións segundo a Lei Xeral Tributaria.

h) Non poderán solicitar subvención ao amparo destas bases as entidades que xa teñan concedida unha axuda de concesión directa desta deputación para a mesma actividade.

k) Non poderán solicitar subvención ao amparo destas bases as entidades que a soliciten para unha actividade que xa obtivo unha subvención da Deputación Provincial de Lugo.

l) Encontrarse nalgún dos supostos que impiden obter a condición de beneficiario, sinalados no apartado 3. do artigo 13. da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

#### Base 4.<sup>a</sup> Obrigas dos beneficiarios

a) Aceptar a subvención. No caso de que os beneficiarios non lle comuniquen a renuncia á Excm. Deputación Provincial, no prazo máximo de quince días, a partir da notificación do outorgamento, entenderase que a subvención é aceptada.

b) Cumprir o obxectivo, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.

c) Acreditar ante a Excm. Deputación Provincial a realización da actuación ou a adopción do comportamento, así como o cumprimento dos requisitos e condicións que determinen a concesión ou goce da subvención.

d) Someterse ás actuacións de comprobación, que serán efectuadas pola Excm. Deputación Provincial, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, ademais achegarán canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

e) Comunicarlle á Deputación Provincial a obtención de subvencións para a mesma finalidade, procedentes de calquera administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

f) Acreditar que se atopa ao día no cumprimento das

súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, se é o caso. A dita acreditación poderá realizarse mediante declaración baixo a súa responsabilidade. No entanto, a Deputación Provincial poderá solicitar, se así o considera, que esta se efectúe mediante a presentación dos documentos expedidos regulamentariamente polos organismos correspondentes.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser comprobados e controlados.

h) Identificar convenientemente, para os efectos de difusión pública, as actuacións que se realicen.

i) Os perceptores da subvención poderán contratar con terceiros a execución dos proxectos.

k) Os beneficiarios da subvención incluírán a imaxe corporativa da Área de Cultura - Vicepresidencia Primeira da Excm. Deputación Provincial e utilizarán o idioma galego en todos aqueles soportes que as entidades utilicen para publicitar a actividade ou adquirir o comportamento subvencionado, polo que quedan incurso na obriga de someter á consideración da Área de Cultura a maqueta de toda a publicidade gráfica e audiovisual prevista, sempre antes de ordenar a impresión e difusión, e atender as indicacións que esta lles formule. Así mesmo, utilizarán o idioma galego no plano verbal en todos aqueles actos do plan de comunicación da actividade ou comportamento. A imaxe será cedida pola institución provincial.

Non existirá a posibilidade de pagamentos anticipados e aboamentos a conta das subvencións concedidas.

#### Base 5.<sup>a</sup> Carácter da subvención

As subvencións que se concedan, segundo as presentes bases e de acordo co Plan Estratéxico de Subvencións para a Excm. Deputación Provincial de Lugo para o ano 2009, terán carácter voluntario e eventual.

A Corporación Provincial, por medio da Xunta de Goberno, como medida de garantía a favor dos intereses públicos, poderá revisalas ou, de ser o caso, revogalas ou reducilas por causas debidamente xustificadas.

A concesión de subvencións para a anualidade de 2009 non xera ningún dereito para obter subvencións en convocatorias posteriores.

En calquera caso, a Deputación Provincial quedará exenta de toda responsabilidade civil, mercantil, laboral ou de calquera tipo que se derive das actuacións ás que queden obrigados os beneficiarios das subvencións.

#### Base 6.<sup>a</sup> Orzamento

A cantidade destinada para a concesión de subvencións de carácter cultural da Excm. Deputación Provincial do ano 2009 será de seiscentos noventa mil euros (690.000 euros) con cargo á partida 4511/48900 do orzamento do presente ano 2009 e contemplada no

Plan estratéxico de subvencións desta Deputación Provincial de Lugo, Área de Cultura na súa liña de actuación B.2. apartado b).

As subvencións provinciais serán incompatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administracións ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, salvo que a cantidade subvencionada non alcance o orzamento máximo previsto. Nese caso poderanse compatibilizar ata a contía do devandito orzamento.

A distribución da partida nas diversas finalidades destas bases quedará constituída en función das necesidades globais da acción subvencionadora do organismo e sempre atendendo ao cumprimento coa máxima eficiencia da promoción cultural na provincia de Lugo.

#### Base 7.<sup>a</sup> Solicitudes

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral da Excm. Deputación Provincial no prazo establecido na respectiva convocatoria xunto coa seguinte documentación para calquera das distintas finalidades:

- Proxecto concreto ou memoria valorada, para o que se pretende a subvención e orzamento pormenorizado dos gastos e ingresos para a súa execución, así coma o seu sistema de financiamento.

- Certificación do Secretario da entidade do orzamento de gastos subvencionables da actividade, acción ou comportamento, segundo o modelo normalizado.

- Calquera outro documento que se considere necesario para permitir unha mellor valoración da subvención solicitada.

Así mesmo, todos os solicitantes deberán achegar coa devandita solicitude:

- Certificación orixinal acreditativa da entidade do acordo de solicitude de subvención á Deputación Provincial e do nomeamento do representante da entidade para as relacións coa Deputación Provincial.

- Copia do Documento Nacional de Identidade do representante da entidade.

- Copia compulsada dos estatutos da entidade.

- Certificación orixinal da entidade onde faga constar o domicilio social actual e os membros da actual xunta directiva.

- Declaración xurada do representante da entidade, de ter a entidade que representa a condición de beneficiario.

- Declaración xurada do representante de axudas e subvencións solicitadas e concedidas por outras administracións para a mesma actividade.

- Se é o caso, declaración xurada do representante de non dedución do IVE.

Para a realización das xestións necesarias para con-

seguir a execución da actividade, acción ou comportamento e, se é o caso, percepción da subvención que lle fose concedida.

- Copia do CIF da entidade.

- Certificación bancaria da entidade, expedida por persoa autorizada da entidade bancaria, da conta na que se ingresará, de ser o caso, a correspondente subvención, unha vez tramitada a documentación presentada, na que deberá figurar como persoa autorizada o representante ou representantes da entidade.

Cada solicitante só poderá formular unha solicitude para unha das finalidades establecidas.

#### Base 8.<sup>a</sup> Convocatoria

O órgano competente para convocar o procedemento será o Ilmo. Sr. Presidente da Excm. Deputación Provincial.

#### Base 9.<sup>a</sup> Valoración das solicitudes

Para a valoración dos proxectos constituirase unha comisión de valoración, cuxa composición será a seguinte:

#### PRESIDENTE:

O Ilmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial ou deputado en quen delegue ou o substitúa legalmente.

#### VOGAIS:

a) Un representante do grupo provincial do PSOE

b) Un representante do grupo provincial do BNG

c) Un representante do grupo provincial do PP

d) O deputado delegado de Cultura.

e) O Secretario Xeral da Corporación ou funcionario en que delegue ou o substitúa.

f) A interventora xeral da Corporación ou funcionario en que delegue ou a substitúa.

#### SECRETARIO:

O Secretario Xeral adxunto ou funcionario en que delegue ou o substitúa.

O Presidente da Comisión poderá dispor a presenza doutros membros con funcións de asesoramento.

Correspóndelle á Comisión de Valoración formular a proposta de resolución. A proposta, que non terá carácter vinculante, deberá expresar o solicitante ou a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención e a súa contía e, ademais, expresará os criterios de valoración.

#### Base 10.<sup>a</sup> Resolución

A Xunta de Goberno será competente para resolver as solicitudes de subvención. O prazo máximo para resolver as solicitudes de subvención será de tres meses, contados a partir do día de rematar o prazo establecido na convocatoria para presentalas e o silen-

cio da administración terá carácter desestimatorio.

Non se concederá ningunha subvención mentres non se xustifican axeitadamente as subvencións anteriores.

#### Base 11.<sup>a</sup> Criterios de valoración

Os criterios con base nos cales serán valoradas as solicitudes e, en consecuencia, servirán de base para determinar as subvencións individualizadas son os seguintes:

- Interese e calidade da actividade, ata 30 puntos.
- Uso e difusión do galego (oral e escrito) na programación da actividade, ata 30 puntos.
- Difusión dos valores culturais das comarcas lucenses, ata 20 puntos.
- Impacto e repercusión entre a sociedade da actividade cultural que se leva a cabo, ata 25 puntos.
- Innovación e creatividade, ata 10 puntos.
- Potenciación da participación da mocidade nas actividades culturais realizadas, ata 15 puntos.
- Utilización dos recursos culturais da provincia, ata 15 puntos.
- Realización de actividades comarcalizadas entre diferentes asociacións, ata 15 puntos.
- Arraigo social e territorial das actividades, ata 10 puntos.
- Consolidación das actividades que se levan a cabo, ata 10 puntos.
- Realización da actividade en zonas xeográficas cun alto grao de dispersión poboacional, ata 20 puntos.

Excepcional e motivadamente, poderán terse en conta outros criterios determinados pola Xunta de Goberno na concesión das subvencións.

#### Base 12.<sup>a</sup> Importe da subvención

As subvencións que a Deputación Provincial poderán conceder non excederán, en ningún caso, do establecido na seguinte táboa para cada finalidade:

FINALIDADE	MÁXIMO
Actividades culturais permanentes	8.000 euros
Eventos culturais	6.000 euros

O dito importe terá carácter de certo, sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da actividade.

O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras de administracións ou de entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade, acción ou comportamento.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a

concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais poderán dar lugar a modificar a resolución de concesión. Con carácter xeral e orientativo, o importe da subvención solicitada será entre o 30% e o 75% do orzamento de gastos da actividade.

A Xunta de Goberno só lle concederá unha axuda a cada actividade para os efectos de que haxa máis dun participante no concurso que solicite axuda para a mesma actividade.

A Xunta de Goberno pode decidir ratear os importes inicialmente adxudicados ás distintas solicitudes no caso de que o crédito dispoñible resulte insuficiente para atender as mesmas subvencións.

#### Base 13.<sup>a</sup> Presentación documentación

Os modelos de impresos oficiais (solicitudes, anexos, etc.) serán aprobados e establecidos pola Xunta de Goberno e a convocatoria será publicada no Boletín Oficial da Provincia e medios de comunicación social. Un exemplar dos devanditos modelos será remitido directamente á Deputación Provincial e o outro exemplar quedará en posesión dos interesados.

#### Base 14.<sup>a</sup> Prazos de execución

O prazo máximo de execución da actividade ou comportamento subvencionado será dende o 1 de xaneiro de 2009 ata o 31 de decembro do 2009.

En casos excepcionais, a entidade beneficiaria poderá solicitar unha ampliación do prazo sempre que a actividade, acción ou comportamento que cómpre xustificar non conclúese pola propia natureza desta e a súa resolución será adoptada pola Presidencia desta Deputación Provincial.

#### Base 15.<sup>a</sup> Comunicación da concesión das subvencións

Unha vez ditada a resolución pola Xunta de Goberno na que se determine o solicitante ou relación dos solicitantes, co número de solicitude aos que se concede a subvención e a desestimación do resto das solicitudes, notificaráselles aos interesados a resolución do procedemento nun prazo que non poderá exceder de tres meses, contado a partir do día de finalizar o prazo establecido para presentar as solicitudes.

O vencemento do prazo máximo sen notificar a resolución habilita os interesados para entender desestimada, por silencio administrativo, a súa solicitude.

As contías e condicións das subvencións poderán ser modificadas no caso de que resulten alteradas as condicións que se tiveron en conta para a súa concesión.

#### Base 16.<sup>a</sup> Xustificación e aboamento das subvencións

Unha vez finalizada a actividade, acción ou comportamento e no prazo establecido, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finali-

dade da actividade subvencionada. O incumprimento do prazo dará lugar á perda do dereito a percibir a subvención outorgada.

Para os efectos do alcance económico da conta xustificativa establécese que este será, como mínimo, ata o importe da subvención concedida.

As xustificacións de aboamento das subvencións presentaranse na área de xestión correspondente coa seguinte documentación:

- Memoria explicativa e custo total da actividade, acción ou comportamento realizado sobre o cumprimento das condicións que orixinaron a concesión da subvención onde explicitará o nivel de logro de obxectivos.

- Acreditación, de ser o caso, coa achega dos documentos necesarios, de que a imaxe corporativa da Área de Cultura da Deputación Provincial de Lugo se inseriu na publicidade da actividade ou comportamento.

- Certificación do Secretario da entidade dos datos da relación detallada das subvencións ou/e axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou actividade ou, se é o caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade, segundo o modelo normalizado.

- Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa ata o importe do orzamento da actividade ou como mínimo ata o importe da subvención concedida acompañadas por unha relación clasificada das mesmas facturas, que conterà a identificación do acreedor e do documento, o seu importe e a data de emisión e unha declaración do representante da entidade que manifieste que os gastos relacionados nesta relación se corresponden cos gastos que soportou a entidade, os cales foron directamente relacionados coa actividade subvencionada e indispensables para a adecuada preparación e / ou a súa execución. Os documentos acreditativos dos gastos que se achegan terán que ser orixinais e poderán serlle devoltos ao beneficiario da subvención, se así o solicita, unha vez selados polo órgano xestor.

- Declaración responsable de atoparse ao día no cumprimento das súas obrigacións tributarias ou coa Seguridade Social, non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro e non ter pendente de xustificar subvencións anteriores coa Deputación Provincial de Lugo, segundo o modelo normalizado. No entanto, a Deputación Provincial poderá solicitar, se así o considera, que presente os documentos expedidos regulamentariamente polos organismos correspondentes: Axencia Tributaria Estatal, Deputación Provincial, Seguridade Social e Facenda, para estes efectos os beneficiarios poderán xuntar a autorización do representante da entidade para que a Deputación Provincial poida solicitar-lles estas certificacións aos citados organismos, segundo o modelo normalizado.

- Declaración xurada do responsable da entidade de

que a actividade obxecto da subvención ou axuda económica foi realizada na súa totalidade cumprindo as condicións que motivaron a súa concesión, segundo o modelo normalizado.

O aboamento da subvención, logo de cotexar a documentación xustificativa, será efectuada mediante transferencia bancaria á conta sinalada polo solicitante. Non se aboará se o solicitante non está ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, se é debedor por resolución de procedencia de reintegro ou ten pendente de xustificar subvencións anteriores coa Deputación Provincial de Lugo.

#### Base 17.<sup>a</sup> Prazos de xustificación

Unha vez finalizada a acción ou comportamento e no prazo establecido, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado.

A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio do beneficiario e a súa presentación realízase no prazo de tres meses, que comezarán a contar a partir da execución da actividade e, en calquera caso, antes do 31 de marzo de 2010.

Para os casos establecidos na base 14.<sup>a</sup> no parágrafo II, este prazo poderá ser modificado atendendo á excepcionalidade e á motivación que fundamente a modificación do prazo de execución, de maneira que o prazo de xustificación sexa coherente coa resolución adoptada.

Unha vez que transcorreu o prazo establecido de xustificación sen presentar a documentación ante a área de xestión competente, este requirirá o beneficiario para que, no prazo improrrogable de quince días, sexa presentada. Non presentar a xustificación neste prazo adicional levará consigo a revogación da subvención.

#### Base 18.<sup>a</sup> Reducións

Logo de recibir a conta xustificativa, a área de xestión competente revisará a documentación presentada polos beneficiarios e comprobará que cumpre as condicións que motivaron a resolución para concederlle a subvención.

No caso de que o importe da subvención concedida, illada ou en concorrencia con outras subvencións outorgadas por outras administracións ou de entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade ou comportamento, reducirase a subvención concedida ata que non supere este custo.

No caso de que o importe dos gastos subvencionables xustificados polo beneficiario non alcance o importe da subvención concedida, reducirase a subvención en función do alcance da propia conta xustificativa.

Nestes casos, as reducións practícaranse de oficio e de xeito automático sen necesidade de iniciar ningún procedemento, logo do informe da área de xestión competente.

**Base 19.<sup>a</sup> Plan anual de comprobación**

Para os efectos de comprobar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determine a concesión e goce da subvención, a Deputación Provincial elaborará un plan anual de comprobación cuxo alcance será do 10% do total de solicitudes concedidas. A selección das solicitudes que hai que comprobar realizarase a través dunha mostra aleatoria simple, sen reposición dos elementos, que se levará a cabo a través dun programa informático segundo o número de rexistro das solicitudes que participaron no concurso.

O período para as comprobacións comprenderá os dous anos seguintes a partir da entrega de todos os expedientes de conta xustificativa da convocatoria.

Os aspectos fundamentais para comprobar serán os seguintes:

- A execución efectiva da actividade, acción ou comportamento.
- O cumprimento do obxecto da subvención.
- A conta xustificativa ata o importe da subvención concedida.

Os beneficiarios están na obriga de conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control, especialmente as facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados, na relación clasificada presentada.

- Aqueles datos que pola súa natureza puideron repercutir sobre o proceso de concorrencia competitiva danando dereitos de terceiros.

A Deputación Provincial poderá realizar este plan de comprobación directamente ou a través da contratación dun servizo externo de auditorías.

**Base 20.<sup>a</sup> Supostos de reintegro**

No caso de que o beneficiario incorra nalgunha anomalía para obter a subvención ou incumprimento da natureza da actividade total ou parcialmente, así como o incumprimento do contido das bases para a súa concesión, a entidade deberá reintegrar as cantidades percibidas.

Por causa xustificada, poderá accederse á petición que formulen os beneficiarios, sobre modificación total ou parcial da actividade programada e que, se é o caso, non poida ser executada de forma orixinaria e a súa resolución será adoptada polo mesmo órgano que concedeu a subvención.

**Base 21.<sup>a</sup> Outras disposicións**

No non previsto nestas bases cómpre aterse ao disposto nos textos legais:

a) A Lei Estatal 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións

b) Real Decreto 887/06, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Subvencións.

c) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia

d) A Ordenanza Xeral de Subvencións da Excm. Deputación Provincial de Lugo, aprobada por acordo do Pleno do día 28 de febreiro de 2005

e) O Regulamento Orgánico da Deputación

f) Bases de execución do orzamento e a normativa sobre delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación vixentes no momento da concesión.

LUGO, 5 de marzo de 2009.- O PRESIDENTE, José Ramón Gómez Besteiro.- O SECRETARIO, Faustino Martínez Fernández.

R. 01257

---

## AYUNTAMIENTOS

### BECERREÁ

#### ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DE CONTRATO DE OBRAS

1. Entidade adxudicataria: Concello de Becerreá.

2. Obxecto do contrato: "Proxecto de reposición de servizos e beirarúas na rúa de As Penas, Becerreá (Lugo)" obra incluída no Fondo Estatal de Inversión Local.

a) Tipo de contrato: Obras.

b) Descrición do obxecto: "Proxecto de reposición de servizos e beirarúas na rúa de As Penas, Becerreá (Lugo)".

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación: Urxente, procedemento negociado sen publicidade, multiplicidade de criterios de adxudicación.

4. Tipo de licitación: 72.103,27 euros IVA incluído, valor estimado 62.157,99 euros sin IVA máis 9.945,28 euros correspondentes ao IVE.

5. Adjudicación provisional:

a) Data: Xunta de Goberno Local de data 25 de febreiro de 2009.

b) Contratista: OBRAS E VIALES BASCUAS, S.L.

c) Nacionalidade: Española.

d) Importe de adxudicación: 72.103,27 euros IVA incluído.

Becerreá, 2 de marzo de 2009.- O Alcalde, ilexible.

R. 01236

ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DE

*CONTRATO DE OBRAS*

1. Entidade adjudicataria: Concello de Becerreá.

2. Obxecto do contrato: "Proxecto de pavimentación na carretera de acceso a Ermida e na carretera de Cruzul-Ousón-Guillén en Becerreá" obra incluída no Fondo Estatal de Inversión Local.

a) Tipo de contrato: Obras.

b) Descrición do obxecto: "Proxecto de pavimentación na carretera de acceso a Ermida e na carretera de Cruzul-Ousón-Guillén en Becerreá".

3. Tramitación, procedemento e forma de adjudicación: Urxente, procedemento negociado sen publicidade, multiplicidade de criterios de adjudicación.

4. Tipo de licitación: 226.175,81 euros IVA incluído, valor estimado 194.979,15 euros sin IVA máis 31.196,66 euros correspondentes ao IVE.

5. Adjudicación provisional:

a) Data: Xunta de Goberno Local de data 25 de febreiro de 2009.

b) Contratista: TRANSFORMACIONES AGRARIAS ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO, S.L.

c) Nacionalidade: Española.

d) Importe de adjudicación: 226.175,81 euros IVA incluído.

Becerreá, 2 de marzo de 2009.- O Alcalde, ilexible.

R. 01237

*ANUNCIO DE ADJUDICACIÓN PROVISIONAL DE CONTRATO DE OBRAS*

1. Entidade adjudicataria: Concello de Becerreá.

2. Obxecto do contrato: "Pavimentación na carretera de acceso a Regosmil, acceso a Cantiz e na rúa Ronda de Outeiro-A Preira en Becerreá (Lugo)" obra incluída no Fondo Estatal de Inversión Local.

a) Tipo de contrato: Obras.

b) Descrición do obxecto: "Pavimentación na carretera de acceso a Regosmil, acceso a Cantiz e na rúa Ronda de Outeiro-A Preira en Becerreá (Lugo)".

3. Tramitación, procedemento e forma de adjudicación: Urxente, procedemento negociado sen publicidade, multiplicidade de criterios de adjudicación.

4. Tipo de licitación: 186.900,99 euros, IVE incluído, valor estimado 161.121,54 euros máis 25.779,45 euros correspondentes ao IVE

5. Adjudicación provisional:

a) Data: Xunta de Goberno Local de data 25 de febreiro de 2009.

b) Contratista: TRANSFORMACIONES AGRARIAS ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO, S.L.

c) Nacionalidade: Española.

d) Importe de adjudicación: 186.900,99 euros, IVE incluído.

Becerreá, 2 de marzo de 2009.- O Alcalde, ilexible.

R. 01238

*ANUNCIO DE ADJUDICACIÓN PROVISIONAL DE CONTRATO DE OBRAS*

1. Entidade adjudicataria: Concello de Becerreá.

2. Obxecto do contrato: "Renovación cuberta polideportivo de Becerreá" obra incluída no Fondo Estatal de Inversión Local.

a) Tipo de contrato: Obras.

b) Descrición do obxecto: "Renovación cuberta polideportivo de Becerreá".

3. Tramitación, procedemento e forma de adjudicación: Urxente, procedemento negociado sen publicidade, multiplicidade de criterios de adjudicación.

4. Tipo de licitación: 92.509,93 euros, IVE incluído, valor estimado 79.749,94 euros máis 12.759,99 euros correspondentes ao IVE.

5. Adjudicación provisional:

a) Data: Xunta de Goberno Local de data 25 de febreiro de 2009.

b) Contratista: ESMADER GALICIA, S.L.

c) Nacionalidade: Española.

d) Importe de adjudicación: 92.509,93 euros, IVE incluído.

Becerreá, 2 de marzo de 2009.- O Alcalde, ilexible.

R. 01239

LUGO

*ANUNCIO DE ADJUDICACIÓN PROVISIONAL DE CONTRATOS*

En cumprimento do disposto no artigo 135.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, faise pública a adjudicación provisional do contrato que a continuación se sinala:

1.- Entidade adjudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servicio de Contratación, Patrimonio e Fomento.

2.- Obxecto do contrato.

a) Tipo de contrato: Obras.

b) Descrición do obxecto: Contratación da obra remodelar pistas tenis no parque da Milagrosa. Fondo Estatal de Inversión Local (09feil78). Adjudicación provisional.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adjudicación.

- a) Tramitación: Urgente.
- b) Procedemento: Negociado sen publicidade.
- 4.- Presuposto base de licitación.

Importe total: 161.648,99 euros. IVE incluído.

5.- Adxudicación:

- a) Provisional: 3 de marzo de 2009.
- b) Contratista: ESPACASA LUCENSE, S.L.
- c) Nacionalidade: Española.

d) Importe de adxudicación: 161.648,99 euros. IVE incluído.

Lugo, 3 de marzo de 2009.- O ALCALDE, P.D. A CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO, Sonia Méndez García.

R. 01228

—  
*Anuncio*

Por Decreto da Alcaldía número 109/2009 do 23 de febreiro do 2009, aprobouse a forma de adxudicación por procedemento aberto para a contratación das obras de REURBANIZACION DA RUA DA INDUSTRIA, FASE 1.

Por medio deste anuncio dase a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Patrimonio.

2.- Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: A construción das obras de REURBANIZACION DA RUA DA INDUSTRIA, FASE 1.

b) Prazo de execución: Seis meses.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: Urgente.

b) Procedemento: Aberto.

4.- Tipo de licitación.

a) Orzamento máximo do contrato: O presuposto do contrato é de 630.330,43 euros, IVE INCLUÍDO. Non obstante o prezo do contrato será o ofertado polos licitadores nas súas proposicións.

5.- Garantías:

a) Provisional: 16.301,64 euros.

b) Definitiva: 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE.

6. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197.

c) Localidade e c.p.: Lugo, 27002.

d) Teléfonos: (982) 29-72-56, 29-73-27.

e) Telefax: (982) 29-72-59.

f) Dirección internet: [www.lugo.es](http://www.lugo.es) (zona de servizos: Perfil do contratante).

g) Data límite de obtención de documentos e información: Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- Requisitos específicos do contratista.

a) Outros requisitos: Os sinalados no prego de condicións.

b) Clasificación: Grupo G, subgrupo 4, categoría d).

8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: 13 días naturais contados a partir da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise en sábado ou festivo, prorrogárase ata o seguinte día hábil.

b) Documentación que hai que presentar: A que figura na cláusula décima do prego de condicións.

c) Lugar de presentación:

1ª Entidade: Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares legalmente establecidos.

2ª Domicilio: Ronda da Muralla, 197 .

3ª Localidade e c.p.: Lugo, 27002.

d) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta (concurso): 3 meses.

9.- Apertura das ofertas.

a) Entidade: Concello de Lugo.

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197 (3ª pranta).

c) Localidade: Lugo.

d) Data: Ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

10.- Outras informacións: As que se recollen no prego de condicións.

11.- Gastos dos anuncios: 142,80 euros que serán por conta dos adxudicatarios.

Lugo, 3 de marzo de 2009.- O ALCALDE, P.D. A TENENTA-ALCALDE DA AREA (Decreto Alcaldía nº 75/2007), Sonia Méndez García.

R. 01267

*Anuncio*

Por Decreto da Alcaldía número 137/2009 do 26 de febreiro do 2009, aprobouse a forma de adxudicación por procedemento aberto para a contratación das obras

de PAVIMENTACION E SERVIZOS NA AVENIDA DE RAMON FERREIRO.

Por medio deste anuncio dase a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Patrimonio.

2.- Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: A construción das obras de PAVIMENTACION E SERVIZOS NA AVENIDA DE RAMON FERREIRO.

b) Prazo de execución: Sete meses.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: Urgente.

b) Procedemento: Aberto.

4.- Tipo de licitación,

a) Orzamento máximo do contrato: O presuposto do contrato é de 693.993,06 euros, IVE INCLUÍDO. Non obstante o prezo do contrato será o ofertado polos licitadores nas súas proposicións.

5.- Garantías:

a) Provisional: 17.948,09 euros.

b) Definitiva: 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE.

6. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197.

c) Localidade e c.p.: Lugo, 27002.

d) Teléfonos: (982) 29-72-56, 29-73-27.

e) Telefax: (982) 29-72-59.

f) Dirección internet: www.lugo.es (zona de servizos: Perfil do contratante).

g) Data límite de obtención de documentos e información: Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- Requisitos específicos do contratista.

a) Outros requisitos: Os sinalados no prego de condicións.

b) Clasificación: Grupo G, subgrupo 6, categoría d).

8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: 13 días naturais contados a partires da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise en sábado ou festivo, prorrogarase ata o seguinte día hábil.

b) Documentación que hai que presentar: A que figura na cláusula décima do prego de condicións.

c) Lugar de presentación:

1ª Entidade: Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares legalmente establecidos.

2ª Domicilio: Ronda da Muralla, 197.

3ª Localidade e c.p.: Lugo, 27002.

d) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta (concurso): 3 meses.

9.- Apertura das ofertas.

a) Entidade: Concello de Lugo.

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197 (3ª pranta).

c) Localidade: Lugo.

d) Data: Ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

10.- Outras informacións: As que se recollen no prego de condicións.

11.- Gastos dos anuncios: 143,40 euros que serán por conta dos adxudicatarios.

Lugo, 3 de marzo de 2009.- O ALCALDE, P.D. A TENENTA-ALCALDE DA AREA (Decreto Alcaldía nº 75/2007), Sonia Méndez García.

R. 01268

—  
*Anuncio*

Por Decreto da Alcaldía número 139/2009 do 26 de febreiro do 2009, aprobouse a forma de adxudicación por procedemento aberto para a contratación das obras de URBANIZACION DO CONTORNO DO CAMPO DE FUTBOL ANXO CARRO, 2ª FASE.

Por medio deste anuncio dase a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Patrimonio.

2.- Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: A execución das obras de URBANIZACION DO CONTORNO DO CAMPO DE FUTBOL ANXO CARRO, 2ª FASE.

b) Prazo de execución: Seis meses.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: Urgente.

b) Procedemento: Aberto.

4.- Tipo de licitación.

a) Orzamento máximo do contrato: O presuposto do contrato é de 430.500 euros, IVE INCLUIDO. Non obstante o prezo do contrato será o ofertado polos licitadores nas súas proposicións.

5.- Garantías:

a) Provisional: 11.133,62 euros.

b) Definitiva: 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE.

6. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197.

c) Localidade e c.p.: Lugo, 27002.

d) Teléfonos: (982) 29-72-56, 29-73-27.

e) Telefax: (982) 29-72-59.

f) Dirección internet: [www.lugo.es](http://www.lugo.es) (zona de servizos: Perfil do contratante).

g) Data límite de obtención de documentos e información: Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- Requisitos específicos do contratista.

a) Outros requisitos: Os sinalados no prego de condicións.

b) Clasificación: grupo G, subgrupo 6, categoría d).

8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: 13 días naturais contados a partir da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise en sábado ou festivo, prorrogarase ata o seguinte día hábil.

b) Documentación que hai que presentar: A que figura na cláusula décima do prego de condicións.

c) Lugar de presentación:

1ª Entidade: Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares legalmente establecidos.

2ª Domicilio: Ronda da Muralla, 197.

3ª Localidade e c.p.: Lugo, 27002.

d) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a manter a súa oferta (concurso): 3 meses.

9.- Apertura das ofertas.

a) Entidade: Concello de Lugo.

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197 (3ª pranta).

c) Localidade: Lugo.

d) Data: Ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en

sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

10.- Outras informacións: As que se recollen no prego de condicións.

11.- Gastos dos anuncios: 145,20 euros que serán por conta dos adxudicatarios.

Lugo, 3 de marzo de 2009.- O ALCALDE, P.D. A TENENTA-ALCALDE DA AREA (Decreto Alcaldía nº 75/2007), Sonia Méndez García.

R. 01269

## MONFORTE DE LEMOS

### ORDENANZA MUNICIPAL DE EMERXENCIA SOCIAL

Os servizos sociais municipais teñen como función fundamental e das tarefas máis consolidadas a de proporcionar atención e axuda a persoas que atravesan unha situación vital de dificultade, derivada a meirande parte das veces pola imposibilidade de facer fronte a determinados gastos que ou ben son necesarios para o mantemento dunha forma de vida compatible coa dignidade a que toda persoa ten dereito ou que incluso son precisos, en determinadas ocasións, para a supervivencia.

A súa competencia ven determinada de conformidade co previsto na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e no artigo 21.1 d) da Lei 4/1993 de Servizos Sociais de Galicia atribuíndo aos Concellos a colaboración na xestión das prestacións económicas nos termos que regulamentariamente se establezan, razón de ser da presente ordenanza dado a natureza regulamentaria da mesma.

Asimesmo esta Lei permite no seu artigo 52.2 a asunción por parte das Corporacións Locais das prestacións e axudas non periódicas en situacións de necesidade.

As Administracións Públicas, neste caso o Concello, precisan dispor de unha ordenanza áxil e efectiva, de maneira que poda conciliarse a atención ás persoas en situación de emerxencia social coa normativa e os procedementos propios da Administración e os que son de aplicación nestes casos.

A presente ordenanza trata de aunar ambos requisitos-atención efectiva as necesidades sociais e cumprimento normativo poñendo especial énfase na axilidade do procedemento xa que unha parte importante da eficacia da prestación económica reside en que poda ser cuberta con inmediatez.

O procedemento a seguir non é o xeral de concurrencia competitiva que fixa a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, pois resulta implícita nas prestacións a conceder e nas condicións sociais dos beneficiarios as razóns de interés público social, humanitarias e outras que dificultan unha convocatoria

pública de conformidade co establecido no artigo 22.2 c) da ditada Lei.

## TITULO I.- DISPOSICIÓNS XERAIS.

### Artigo 1.- Réxime xurídico.

A concesión das prestacións municipais baixo a denominación de emerxencia social, se rexirán polo disposto na presente ordenanza e nas disposicións que se adopten para a súa aplicación e desenvolvemento.

### Artigo 2.- Obxecto.

Constitúe o obxecto desta ordenanza o outorgamento dunha prestación non periódica de carácter económico destinada a sufragar gastos específicos de carácter extraordinario, necesarios para previr, evitar ou paliar situacións carenciais, urxencias sociais ou situacións de marxinación social.

Están dirixidas a persoas individuais ou unidades familiares que carezcan de medios e nas que concurran factores de risco, sendo sempre un apoio á intervención social.

Artigo 3.- Criterios xerais para a concesión das axudas.

Para a concesión de axudas económicas teranse que cumprir os seguintes criterios xerais:

a) Situacións acreditadas de necesidade.

b) Que a necesidade obxecto da axuda esté valorada por un técnico de servizos sociais e integrada nun proceso de intervención social.

c) O pago da axuda efectuarase sempre á entidade ou profesional prestador do servizo. Se poderá excepcionalmente este criterio nos casos debidamente xustificadas no expediente para a cobertura de necesidades básicas como roupa, alimentos ou outras que poderían ser aboadas ao solicitante.

### Artigo 4.- Incompatibilidade das axudas.

Será incompatible a concesión da axuda económica co disfrute gratuito de servizos que cubran as mesmas necesidades.

Asimesmo non poderán outorgarse axudas polo mesmo concepto que teñan sido concedidas por outras Administracións ou organismos públicos. Exceptuarase este último requisito se a axuda concedida non solventase a necesidade, podendo neste caso complementar-se dende esta Administración sen que en ningún caso poda superar o coste total do obxecto da axuda.

### Artigo 5.- Clasificación das prestacións.

a) Necesidades básicas: Con carácter xeral alimentos, vestiario, e demais indispensables para o desenvolvemento da vida diaria.

b) Axudas de uso e mantemento de vivenda.

c) Equipamento.

d) Outros gastos excepcionais, valorados polos técnicos municipais de servizos sociais como indispensables para prever a marxinación e favorecer a normalización de individuos e familias.

### Artigo 6.- Criterios de valoración.

Os criterios a valorar para a concesión destas axudas son os recollidos no artigo 11 desta ordenanza.

## TITULO II.- BENEFICIARIOS DAS AXUDAS.

### Artigo 7.- Tipos de beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios desta axuda as persoas físicas para sí ou a súa unidade familiar que formen unidades económicas independentes que reúnan os requisitos que se mencionan no apartado seguinte.

Entendemos por unidade familiar a/as persoa/as ou núcleo de convivencia, composto por dúas ou máis persoas vinculadas por matrimonio ou outra forma de relación estable análoga á conxugal, por adopción ou acollemento, ou parentesco de consanguinidade ata o segundo grado respectivamente, que convivan no mesmo domicilio.

Cando nunha unidade familiar existan persoas con menores ao seu cargo, considérase que constitúen unha unidade de convivencia independente.

Na unidade familiar tan só unha persoa pode ter a condición de beneficiario, aínda que se outorguen en beneficio da unidade familiar.

### Artigo 8.- Requisitos dos beneficiarios:

1. Ser maior de idade ou menor emancipado con cargas familiares, entendendo como tal a situación na que o futuro beneficiario teña menores que estén ao seu cargo.

2. Estar empadroadado no municipio de Monforte de Lemos de forma ininterrumpida ao menos con 6 meses de antigüidade. Excepcionalmente poderán ser beneficiarios, previo informe dos técnicos municipais de servizos sociais, aquelas persoas que non reunindo os requisitos anteriormente enumerados se atopan en situación de excepcional necesidade.

3. Acreditar a situación de necesidade.

A estos efectos considerase situación de necesidade:

- A inexistencia de ingresos suficientes, caracterizados por unha situación temporal de insuficiencia de recursos económicos para cubrilas necesidades primarias.

- Necesidades provocadas por causas de forza maior caracterizadas por unha dificultade de cubrir necesidades primarias debido a un acontecemento de carácter imprevisto e excepcional que impida a súa cobertura polos medios habituais.

4. Aportar a documentación requerida en cada caso.

5. Aceptación expresa, por parte do usuario, das condicións que figuran no deseño de intervención social.

6. Acreditar mediante documento de declaración responsable de estar ao corrente das obrigas fiscais e coa Seguridade Social, así como declaración xurada ou promesa na que se faga constar que non se ten recibido doutros organismos, e para a mesma finalidade, a axuda solicitada.

### TITULO III.- XESTION E PROCEDEMENTO PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS.

#### Artigo 9.- Documentación.

1. Fotocopia do DNI ou documento oficial acreditativo da identidade do/a solicitante.

2. Certificado de convivencia e residencia no Concello.

3. Acreditación dos ingresos económicos de todos os membros da unidade familiar a través de:

- Nóminas, recibos, xustificantes de pensións, certificados do INEM, da Seguridade Social ou calquer outro documento que acredite os ingresos da persoa ou unidade familiar.

- Fotocopia da última declaración da renda, ou no seu defecto certificado negativo da Axencia Tributaria de non estar obrigado/a a declarar.

4. Autorización de datos da conta bancaria.

5. Documentos acreditativos da situación de necesidade determinantes da solicitude que deben ser orixinais e se precisan devolución, indicar nestos que se ten concedido a axuda para o seu pago, así como xustificante do seu coste ou orzamento.

6. Calquera outro documento que podan solicitar os servizos sociais.

Artigo 10.- Procedemento para a concesión das axudas.

a. Solicitude en modelo oficial dirixido ao Excmo. Sr. Alcalde e presentado no Rexistro Municipal correspondente por calquera dos medios previstos no art. 38 da Ley 30/1992, de 2 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Asimismo se poderá iniciar tamén de oficio mediante informe emitido polos técnicos municipais de servizos sociais, que iniciará o expediente a todos os efectos.

b. Estudio e valoración da petición, ou da situación no caso de terse iniciado de oficio, e das circunstancias familiares por parte dos técnicos municipais de servizos sociais que necesariamente incluírá a realización da Historia Social Familiar e o Diseño de Intervención Social personalizado.

c. A proposta de concesión ou denegación da axuda será firmada polos técnicos municipais de servizos sociais e conformada pola concellería correspondente.

d. A proposta de concesión deberá axustarse necesariamente as características destas axudas e a existencia de crédito adecuado e suficiente.

e. Debido as características destas axudas, a proposta de concesión deberá resolverse no prazo máis breve posible en atención a urxencia intrínseca da prestación dende a data de presentación de solicitude ou iniciación de oficio.

f. A proposta será elevada á Xunta de Goberno quen decidirá sobre a súa concesión.

### TITULO IV.- CRITERIOS DE VALORACION.

#### Artigo 11.- Indicadores.

Para a concesión da axuda de emerxencia social se terán en conta os seguintes indicadores:

a. Indicador económico. Con carácter excluinte.

A súa aplicación ven determinada en función do sinalado no IPREM Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM) anual e os complementos segundo número de membros da unidade familiar en función cada ano na lexislación reguladora da renda de inserción social de Galicia. No anexo I fíxase a súa contía para 2009.

b. Situacións de risco e/ou exclusión social:

Se valorarán as situacións de desatención ou problemas conductuais nos menores que integran a unidade familiar; situacións carenciais ou de conducta desadaptada que afectan aos proxenitores ou outros adultos integrantes da unidade familiar; situacións de violencia de xénero e outras circunstancias de risco non recollidas nos ítems anteriores.

c. Proceso de intervención social o individual o familiar:

A aplicar con persoas e/ou familias en proceso de atención nas que se dan situacións de especial necesidade.

#### Artigo 12.- Contía da axuda.

A contía máxima da axuda será:

a) Necesidades básicas, por este concepto enténdese a cobertura de necesidades básicas con carácter xeral alimentos, vestuario, e demais indispensables para o desenvolvemento da vida diaria. Ata un máximo de 600 euros anuais.

b) Axudas de uso e mantemento de vivenda, as axudas serán ata un máximo de 500 euros anuais.

e) Equipamento enténdense por estas axudas aquelas destinadas a adquisición de elementos necesarios para o perfecto desenvolvemento no fogar ata un máximo de 300 euros.

d) Outros gastos excepcionais, valorados polos técnicos municipais de servizos sociais como indispensables para prever a marxinación e favorecer a normalización de individuos e familias.

### TITULO V.- XESTION ORZAMENTARIA E XUSTIFICACIÓN.

#### Artigo 13.- Abono da axuda.

A xestión orzamentaria das axudas recollidas na presente ordenanza efectuarase polos servizos de intervención que procederán a súa contabilización e proposta de emisión da orde de pago e posterior transferencia con cargo á partida destinada a este fin e co límite dos créditos consignados na mesma, de conformidade co procedemento establecido no Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; o RD 500/1990; e as bases de execución do orzamento municipal deste Concello.

## Artigo 14.- Xustificación do gasto.

A xustificación do gasto se acreditará mediante as facturas dos pagos e gastos realizados que deberán cumprir os requisitos regulamentarios establecidos, ou mediante outros documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil.

Intentarase, na medida do posible, realizar o pago ao acreedor do servizo en función das características da emerxencia. Se isto non é posible ou dificulta a tarefa administrativa realizarase o pago ao petionario que disporá dun prazo máximo de 8 días para xustificar -mediante factura- o importe da axuda.

Con carácter excepcional e debidamente xustificado no expediente por parte dos técnicos municipais de servizos sociais e ante determinadas situacións extremas, ao receptor da axuda non se lle requirirá a xustificación do gasto polos medios determinados con carácter xeral e sinalados no primeiro parágrafo deste artigo, senón mediante calquer medio admisible en dereito ou, no seu caso, mediante o informe correspondente dos Servizos Sociais, sobre a base da concurrencia dunha determinada situación extrema de necesidade (artículo 30.7 da Lei Xeral de Subvencións).

O incumprimento da obriga de xustificar o gasto nos termos descritos no presente artigo poderá constituir unha infracción sancionable de conformidade co disposto nos artigos 52 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e, en todo caso, poderá supoñer a perda, durante un prazo de ata tres anos, da posibilidade de obter a subvención por emerxencial social descrita na presente ordenanza, por parte da Administración Municipal.

## ANEXO I.

## CONTÍAS EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL 2009.

NÚMERO DE MEMBROS	CONTÍA IPREM ANUAL	PORCENTAXE INCREMENTO (sobre os mínimos fixados na Lei 9/1991)
1	7.236,60 euros	0
2	8.105,00 euros	+15%
3	8.915,49 euros	+11%
4 e seguintes	9.628,73 euros	+8%

